



Ganduxando vidas

XAQUÍN
CAMPO FREIRE

Igrexa
galega

XESÚS MATO MATO

Crego e musicólogo



XAQUÍN CAMPO FREIRE: UNHA VIDA DE ENTREGA AOS DEMAIS!

Difícil mostrar a calidade de vida humano/cristiá do amigo. A ver si entre todos somos quen de perfilar, dalgun xeito posible, os principais rasgos que a cada un de nós nos regalaches coa túa forte pegada testimonial.

Non teño unha referencia clara/expresa de cando e cómo nos coñecemos de xeito persoal. Maxino que despois do ano 1968 (o do “maio francés”; o de todas “as posibilidades”) data da miña chegada a Lugo (Radio Popular) despois de pasar unha tempada moi feliz estreando sacerdocio por Terras do Deza (Lalín). O interesante é que despois do noso primeiro encontro, durante moitos anos, mantivemos unha longa, seria e profunda amizade que aínda perdura e espero dure ata á eternidade. Tan ben sintonizamos que nas nosas Vodas de Ouro sacerdotais (1958/2008) contamos contigo para preparar, axeitadamente, a súa celebración. Foi unha gozada que aínda hoxe recordamos! Lembro frases da Carta: *“a miña solidariedade gozosa con todos vós, a quen tiveren a sorte de coñecer e de encariñarme... Que Deus vos bendiga; que o Espírito alente con forza, saúde e puxanza nas vosas vidas, nas vosas familias e no voso labor de cada día... que Deus vos conserve “asi de xeitosos” moitos anos e que a N^a. S^a dos Ollos Grandes vos axude a alcanzar a mirada profunda do Misterio de Deus encarnado e resucitado”*. Fermosa e significativa forma de manifestarnos o teu agarimo!

A túa teima, ao xeito de Xesús (teu Mestre e Único Señor) foron/son “os máis pequenos”, os marxinados, os enfermos. A túa vida xira en torno aos vellos, aos presos, aos xitanos, aos viuvos/as... Velái a razón e o por que dos teus títulos de Graduado Social, ATS, Diplomado en Xerontoloxía, Licenciado en Teoloxía Pastoral Sanitaria, laboralmente enfermeiro na Sanidade pública (SERGAS) dos hospitais de Lugo e O Ferrol... e outros terreos aos que un “bo crego das periferias” é capaz de chegar. Es o símbolo de toda a túa vida de crego e pastor na Zona dos barrios do Ferrol e polo resto de Galiza.

Das túas publicacións subliñamos *“A Viuvez na Pastoral da Saúde” (Encrucillada)* *“Aprender a coidarse para mellor coidar”* (Tres Cursos de formación para mellorar a pro-

pia saúde, para axudar aos demais e para mellor saber vivir) Escola de Pastoral da Saúde Mons. Araújo, “*Introdución á Saúde*”, “*Esquemas de Educación para a Saúde*” e centos de charlas e artigos en diversos medios de Comunicación Social.

Certamente, non me explico de onde sacas o tempo! Hai pouco (12-III-2017) agasalláchenos cunha fermosa/práctica reflexión, axeitada para o teu caso e que che aplico rotundamente. Ven ser un pedazo/cacho do teu testamento: “*Que ben é saber ser cada un do seu tempo*”. Que ben se presta para aplicar á túa vida! Hai tempo para todo, se o sabemos aproveitar!

Unha aperta de agradecemento pola túa alegría e carraxe, polo teu optimismo cristián, polo teu amor á Terra (non só a Chá) e as tradicións, pola túa sinxeleza, polo teu espírito dialogante e reconciliador, pola túa paciencia... A seguir loitando pola única Causa que vale a pena: Darlle vida ao Evanxeo de Xesús... desde/con a propia vida. Grazas!



Conquistando a Illa de Arousa.